



BOP

LUNS, 2 DE MAIO DE 2022

N.º 099

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO. AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Irene Villarino Fraga solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.80625

As obras solicitadas consisten nas obras de substitución de fosa séptica para vivenda, arquetas de rexistro e dous pozos filtrantes nos predios con referencias catastrais 27005B002002860000QZ, A00402300PJ31H0001EA e 27005B002003580000QG; na zona de policía de dous regos innominados, no lugar Xunto a Igrexa, parroquia de Santa Cristina de Celeiro de Mariñaos, no concello de Barreiros, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 25 de maio de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo, P.S. 18/08/2021 O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 0998

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 22 de abril de 2022, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) Serra do Xistral (LIFE IN COMMON LAND) que apliquen Modelos de Xestión baseados en Resultados de Conservación.

CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS AS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA ZONA ESPECIAL DE CONSERVACIÓN - ZEC- DA SERRA DO XISTRAL (LIFE IN COMMON LAND) QUE APLIQUEN MODELOS DE XESTIÓN BASEADOS EN RESULTADOS DE CONSERVACIÓN

O texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Así mesmo, as bases da devandita convocatoria e os modelos de solicitude e de xustificación tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación de Lugo no seguinte enlace:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/LICL>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo.

Primeiro.- Beneficiarios

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común que pertencen á Zona Especial de Conservación -ZEC- da Serra do Xistral (LIFE in Common Land) dende o 1 de xaneiro de 2019, que apliquen o Modelo de Xestión baseado en Resultados de Conservación nos hábitats das áreas comunais (concretamente o mosaico dos hábitats 7110*, 7130* e 4020*) para manter ou

acadar o bo estado de conservación destes hábitats no trienio 2019, 2020 e 2021 (dende o 1 de xaneiro de 2019) e que teñan incluído o referido Modelo de Xestión no seus Proxectos de Ordenación Forestal aprobados ou en proceso de aprobación.

Segundo.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do proxecto “*LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land –Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación*” para realizar os Pagos por Resultado de Conservación ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) da Serra do Xistral (LIFE in Common Land) que desenvolven a súa actividade de acordo ao Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación.

Esta tipoloxía de pagos responden á iniciativa pioneira do proxecto LIFE in Common Land de implantar un Esquema de pagos por resultados de Conservación para a conservación de hábitats prioritarios de turbeira e queirogal húmido na ZEC Serra do Xistral a través dun manexo do pastoreo extensivo de gando vacún e cabalar realizado por parte das comunidades dos Montes Veciñais en Man Común implicados.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

As bases da convocatoria pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/LI/LI>

Cuarto.- Contía

O importe máximo destinado á concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións no marco desta convocatoria ascende a trescentos mil euros (300.000,00 €).

O importe da subvención a conceder, por entidade solicitante, terá un importe mínimo de 300,00 €.

O importe da subvención a conceder, por entidade solicitante, estará determinada pola superficie de presenza dos Hábitats de Interese Comunitario (4020*, 7110* e 7130*) no monte, incluída na ZEC Serra do Xistral (ES1120015), e o seu estado de conservación (Bo (FV), Medio (U1) e Suficiente (U2)), determinado a partir do Conxunto de Indicadores deseñados no proxecto LIFE in Common Land (consultar a descrición das categorías do estado de conservación no Anexo III), de acordo ás tarifas máximas establecidas no Esquema de Pagos, recollido na convocatoria.

No caso de que estas tarifas máximas superen o crédito total da convocatoria que ascende a 300.000 €, minorarase cada subvención proporcionalmente ao estado de conservación acadado por cada solicitante.

Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto.- Outros datos

A concesión destas subvencións responde aos efectos positivos sobre os hábitats prioritarios que se realiza deste manexo sostible do gando e do territorio, sustentando no Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación desenvolvido pola Universidade de Santiago de Compostela (Campus Terra de Lugo) e a Universidade da Coruña dentro do proxecto LIFE in Common Land. Estas subvencións están vinculadas a uns resultados e conlevan unha carga modal no senso de que os beneficiarios das mesmas deberán manter o Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación segundo o establecido no proxecto LIFE in Common Land.

O proxecto LIFE in Common Land conta coa contribución do Instrumento Financeiro LIFE da Unión Europea

Lugo, 28 de abril de 2022.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1035

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 21 de abril de 2022 apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas para a selección de persoal temporal dun/dunha “**Condutor/a – Operario/a**” (PROGRAMA: FOMENTO DE EMPREGO 2022 – PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO) e creación dunha listaxe de emprego temporal.

CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder á provisión, con carácter provisional, do seguinte emprego no Concello de Alfoz.

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Condutor/a – Operario/a”:

- **Nº empregos:** 1.
- **Denominación:** Condutor/a – Operario/a – Programa Fomento de Emprego 2022 – Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022.
- **Réxime Xurídico:** Funcionario interino (art. 10.1.c/ EBEP).
- **Clasificación:** Grupo C – Subgrupo C2.
- **Duración vínculo de servizo:** 9 meses desde o nomeamento como funcionario interino e cun límite temporal do 31/10/2023.
- **Duración xornada:** Xornada completa

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Condutor/a – Operario/a”

- **Modalidade da listaxe:** Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

Prazo de presentación: Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN PARA CUBRIR UN EMPREGO: “CONDUTOR/A - OPERARIO/A”, FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP), A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 – PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022 E CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases específicas, que complementan as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal para prestar servizos no concello de Alfoz publicadas no BOP de Lugo de data 23 de novembro de 2017, a regulación do procedemento de selección mediante sistema de concurso-oposición do posto de “CONDUTOR/A – OPERARIO/A” a xornada completa ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2022 de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de Lugo de data 10 de xaneiro de 2022.

2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:

- **DENOMINACIÓN:** CONDUTOR/A - OPERARIO/A.
- **Grupo/subgrupo Profesional:** C/C2.
- **Réxime Xurídico:** Funcionarial (funcionario interino do artigo 10.1.c/ “execución de programas de carácter temporal” do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- **DURACIÓN DO VÍNCULO de servizo:** 9 MESES desde o seu nomeamento e cun límite temporal do 31 de outubro de 2023.
- **tempo Xornada:** A tempo completo.
- **cometido funcional:** Consistirá na realización de labores de manexo de maquinaria e vehículos do concello, en especial manexo do tractor desbrozador, así como apoio a labores de mantemento e renovación de

parques, xardíns e espazos naturais do concello, e calquera outra función relacionada co seu posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

3.- RETRIBUCIÓN: Soldo correspondente ao Grupo/Subgrupo Profesional C/C2 e Nivel Complemento de Destino: 18. (Dúas pagas extras ou, se é o caso, a parte proporcional correspondente).

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

- **Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo:** Estar en posesión do título de graduado escolar, graduado en ESO, titulación superior ou equivalente.

b) Específicos:

- **Carné de conducir “B” en vigor.**

- **Estar inscrito na Oficina de Emprego** en situación de desemprego ou de mellora de emprego, que deberá acreditarse con certificación ou informe da Oficina de Emprego.

- Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: **CELGA 2** ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.

5.1. FASE DE OPOSICIÓN.

- Proba de coñecementos xerais e específicos. Obrigatoria e eliminatória

A proba a realizar na fase de oposición consistirá nun exame teórico e/ou práctico relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo, no que se valorará o tempo empregado, a destreza, as medidas preventivas necesarias para levar a cabo unha labor óptima, e demais actuacións relativas ao desenvolvemento destas tarefas.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

5.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 14 puntos).

Criterios xerais para todos os apartados do baremo:

- Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean debidamente acreditados.
- Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións sinaladas do emprego convocado.

5.2.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 8 puntos).

Criterios xerais:

- O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.
- A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcional, laboral ou, se é o caso, autónoma.
- No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.
- A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

Criterios de puntuación:

a) Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público.

- Desempeño nas mesmas prazas/postos/empregos que se convoca: Valorarase a razón de 0,20 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño da prazas/postos/empregos con funcións similares: Valorarase a razón de 0,10 puntos por cada 30 días de traballo.

b) Experiencia profesional en Entidades Privadas.

- Desempeño do mesmo posto/emprego: Valorarase a razón de 0,14 puntos por cada 30 días de traballo.

- Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,07 puntos por cada 30 días de traballo.

5.2.2. Carné de conducir

- Por ser titular do carné de conducir “C” e telo en vigor: 2 puntos.

5.2.3. Formación Complementaria (puntuación máxima 4 puntos).

Cráterios xerais:

- So se valorarán os cursos convocados, impartidos ou homologados pola Administración Pública.
- Non se puntuarán as materias que formen parte dunha titulación académica, nin de masters propios.
- Non se puntuarán as accións formativas que non acreditan as horas de duración.

Cráterios de Puntuación:

- Cursos, xornadas, seminarios, congresos, masters propios e similares:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,015
Aproveitamento.	0,025

6.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

“[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”.

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado nos requisitos deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

7. REQUISITO PREVIO Á CONTRATACIÓN.

Conforme ao artigo 11.1 das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022, publicadas no BOP de Lugo número 6 do día 10 de xaneiro de 2022, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

A persoa que sexa proposta para este posto de “Conducutor/a – Operario/a”, deberá presentar, ademais da documentación especificada nas bases xerais, a seguinte documentación:

- Documentación (certificado, informe ou tarxeta de demanda actualizada) da Oficina de Emprego onde se acredite que está desempregado ou en mellora de emprego.

8. CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL ESPECÍFICA.

A finalidade desta listaxe de emprego é atender as necesidades futuras de persoal temporal derivadas da propia convocatoria.

A listaxe de emprego temporal estará integrada polas persoas que superaron o proceso selectivo, pero non resultaron seleccionadas, ordenadas de maneira decrecente polas puntuacións obtidas.

A regulación desta listaxe está recollida nas Bases Xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter provisional ou temporal, para prestar servizos ao Concello de Alfóz, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 16 de novembro de 2017 e publicada no BOP número 269 de 23 de novembro de 2017.

Alfóz, 25 de abril de 2022.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 21 de abril de 2022 apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas para a selección de persoal temporal dun/dunha “Animador turístico” (PROGRAMA: FOMENTO DE EMPREGO 2021 – PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021 DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO) e creación dunha listaxe de emprego temporal.

CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder á provisión, con carácter provisional, do seguinte emprego no Concello de Alfoz.

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Animador turístico”:

Nº empregos: 1.

Denominación: Animador turístico – Programa Fomento de Emprego 2021 – Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Réxime Xurídico: Funcionario interino (art. 10.1.c/ EBEP).

Clasificación: Grupo C – Subgrupo C2.

Duración vínculo de servizo: 4 meses desde o nomeamento como funcionario interino e cun límite temporal do 31/10/2022.

Duración xornada: Media xornada (50%)

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Animador Turístico”

Modalidade da listaxe: Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicárase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

Prazo de presentación: Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DUN EMPREGO: “ANIMADOR TURÍSTICO”, COMO FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.C/ EBEP), A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021 – PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2021 E CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases específicas, que complementan as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal para prestar servizos no concello de Alfoz publicadas no BOP de Lugo de data 23 de novembro de 2017, a regulación do procedemento de selección mediante sistema de concurso-oposición do posto de “ANIMADOR TURÍSTICO” a xornada parcial (50%) ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2021 de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de Lugo de data 12 de xaneiro de 2021.

2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:

- **DENOMINACIÓN:** Animador turístico.
- **Grupo/subgrupo Profesional:** C/C2.
- **Réxime Xurídico:** Funcionarial (funcionario interino do artigo 10.1.c/ “*execución de programas de carácter temporal*” do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- **DURACIÓN DO VÍNCULO de servizo:** 4 meses desde o nomeamento como funcionario interino e cun límite temporal do 31/10/2022.
- **tempo Xornada:** A media xornada (50 % xornada).
- **cometido funcional:** Consistirá na realización de funcións propias de atención, información e realización de actividades, en calquera tipo de medio, encamiñadas a promoción turística do Concello de Alfoz e calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.

3.- RETRIBUCIÓN: Soldo correspondente ao Grupo/Subgrupo Profesional C/C2 e Nivel Complemento de Destino: 16. (Dúas pagas extras ou, se é o caso, a parte proporcional correspondente).

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo: Diplomados en Educación Secundaria Obrigatoria e equivalentes.

b) Específicos:

- Estar inscrito na Oficina de Emprego en situación de desemprego ou de mellora de emprego, que deberá acreditarse con certificación ou informe da Oficina de Emprego.
- Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: CELGA 2 ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.

5.1. FASE DE OPOSICIÓN.

A proba a realizar na fase de oposición será de carácter teórico e a súa finalidade é que as persoas aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre as materias comúns e as materias específica contidas no programa.

A proba poderá consistir, segundo determine o Tribunal, en:

Primeira opción:

- **A)** Exame tipo test sobre os temas incluídos no apartado de materias común do programa.
- **B)** Exposición por escrito dun tema, ou dunha parte deste, das materias específicas do programa, determinado por sorteo diante das persoas participantes.

Segunda opción:

Nun exame tipo test que abrangue a totalidade do programa (materias comúns e específicas).

O Tribunal determinará:

- O número de preguntas do exame tipo test.
- O tempo para a realización da proba.
- Os criterios de corrección, podendo penalizar no exame tipo test as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.
- A lectura pública polos aspirantes dos seus exercicios escritos sobre o tema específico, así como a realización de preguntas ou aclaracións necesarias que versarán sobre a materia obxecto da proba.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

5.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 12 puntos).

Criterios xerais para todos os apartados do baremo:

- Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean debidamente acreditados.
- Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións do emprego convocado.

5.2.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 6 puntos).

Criterios xerais:

- O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.
- A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcional, laboral ou, se é o caso, autónoma.
- No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.
- A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

Criterios de puntuación:**c) Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público.**

- Desempeño nas mesmas prazas/postos/empregos que se convoca: Valorarase a razón de 0,18 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño da prazas/postos/empregos con funcións similares: Valorarase a razón de 0,10 puntos por cada 30 días de traballo.

d) Experiencia profesional en Entidades Privadas.

- Desempeño dos mesmos postos/empregos: Valorarase a razón de 0,12 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,07 puntos por cada 30 días de traballo.

5.2.2. Formación (puntuación máxima 4 puntos).

- A formación específica relacionada co eido turístico e co posto de traballo, impartida polas administracións públicas ou polas institucións e entidades autorizadas:
 - a) Por licenciaturas, diplomaturas, graos e posgraos universitarios: 1 punto.
 - b) Por cada curso de duración igual ou superior a 300 horas: 0,50 puntos.
 - c) Por cada curso de duración igual ou superior a 100 horas: 0,35 puntos.
 - d) Por cada curso de duración igual ou superior a 30 horas: 0,20 puntos.
- Unicamente serán valorados aqueles méritos formativos organizados por entidades públicas ou homologados por elas relacionados con calquera das materias especificadas, e que contén cun mínimo de 30 horas de duración.
- No suposto de non figurar o número de horas lectivas (ou conversión de equivalencia, exemplo: créditos) e/ou non expresar con suficiente claridade o seu contido básico, os cursos non serán valorados. Non se valorarán os cursos pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos.
- A valoración dos distintos cursos é excluínte, de xeito que non poderá valorarse dúas veces un único curso/título, nin os cursos necesarios para a obtención doutros para o que se solicita a súa valoración como mérito. Tampouco se valorarán aquelas accións formativas necesarias para obter unha titulación oficial.

5.2.3. Idiomas acreditados (ata un máximo de 2 puntos)

- Coñecemento do idioma inglés: (ata un máximo de 1 punto)
 - a) Nivel usuario básico: Nivel A1: 0,1 puntos. Nivel A2: 0,2 puntos.
 - b) Nivel usuario independente: Nivel B1: 0,4 puntos. Nivel B2: 0,8 puntos.
 - c) Nivel usuario competente: Nivel C1: 0,9 puntos. Nivel C2: 1 punto.
- Coñecemento doutros idiomas: (ata un máximo de 1 punto)
 - a) Nivel usuario básico: Nivel A1: 0,1 puntos. Nivel A2: 0,2 puntos.
 - b) Nivel usuario independente: Nivel B1: 0,15 puntos. Nivel B2: 0,25 puntos.
 - c) Nivel usuario competente: Nivel C1: 0,35 puntos. Nivel C2: 0,5 puntos.

6.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego CELGA 2 deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

7. REQUISITO PREVIO Á CONTRATACIÓN.

Conforme ao artigo 7.1 das Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2021, publicadas no BOP de Lugo número 8 do día 12 de xaneiro de 2021, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

A persoa que sexa proposta para este posto de “Animador Turístico”, deberá presentar, ademais da documentación especificada nas bases xerais, a seguinte documentación:

- Certificación da Oficina de Emprego onde se acredite que está desempregado ou en mellora de emprego.

8. PROGRAMA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE ANIMADOR TURÍSTICO:

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.

Tema 2.- A lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- O Concello de Alfoz. Encadre territorial e poboacional.

Tema 2.- Recursos turísticos do Concello de Alfoz.

Tema 3.- A lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia.

Alfoz, 25 de abril de 2022.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1000

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do 26 de abril de 2022 os seguintes padróns correspondentes ao segundo trimestre de 2021:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga, taxa de vertedura e dereito de acometida.
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, exponse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 26 de maio ata o 26 de xullo de 2022, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interporse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

Alfoz, 28 de abril de 2022.- O alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1001

O INCIO

Anuncio

En cumprimento do artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante Resolución da Alcaldía núm. 2022-0108, de data 7 de abril de 2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Concello do Incio para o ano 2022, que comprende as prazas de persoal laboral fixo, dotadas orzamentariamente, e que se relacionan a continuación:

Núm. vacantes	Denominación	Escala/Subescala	Grupo	Tipo de persoal	Sistema de acceso
1	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.	Escala de Administración Especial.	A1	Persoal laboral fixo.	Concurso - oposición libre
1	Operario de servizos varios	Persoal de oficios	AP	Persoal laboral fixo.	Concurso - oposición libre

O Incio, 7 de Abril de 2022.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 1002

LUGO

Anuncio

Expediente 2021/U026/000056

Asunto.: Anuncio de Aprobación Plan de Despliegue de fibra óptica presentada por Telefónica de España SAR, no ámbito intramuros do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto amurallado e a súa zona de influencia, do Concello de Lugo

Visto que, con data do **7 de setembro de 2021**, ten entrada no Rexistro Xeral deste Concello, solicitude, presentada por María Lourdes Peñalver Martínez en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA, remitida a este Servizo, con data do **19 de novembro de 2021**, para a súa tramitación da mesma co fin de levar a cabo a aprobación dun plan de despliegue dunha rede de acceso de nova xeración baseada na arquitectura de fibra ata o fogar (FTTH-Fibert to the home) para o ámbito intramuros do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto amurallado e a súa zona de influencia (BOP Lugo 166 de 21 de xullo de 1997), do termo municipal de Lugo.

Visto que, a **documentación presentada é suficiente para a aprobación do plan de despliegue presentado**, dacordo co disposto no artigo 34 da Lei 9/2014 Xeral de Telecomunicacións, tal e como poñen de manifesto os **informes favorables emitidos** polo Servizo de Arqueoloxía de data do 21 de febreiro de 2021 e polo Servizo de Enxeñería con data do 3 de febreiro de 2022, e de conformidade coas atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e a normativa específica de aplicación, e segundo atribucións delegadas pola Alcaldía no Decreto número 2973/21, do 16 de abril de 2021, por Decreto número **1961/22, do 22 de febreiro de 2022**, dispuxose a aprobación do Plan de Despliegue de fibra óptica presentada por Telefónica de España SAR, no ámbito intramuros do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto amurallado e a súa zona de influencia, do Concello de Lugo, **sendo a parte resolutiva do seguinte teor literal:**

“PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de despliegue dunha rede de acceso de nova xeración baseada na arquitectura de fibra ata o fogar (FTTH-Fibert to the home), preténdese para unha serie de rúas, que se relacionan a continuación, sitas no ámbito do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto amurallado e a súa zona de influencia (BOP Lugo 166 de 21 de xullo de 1997) do termo municipal de Lugo, presentado por María Lourdes Peñalver Martínez en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA, cos condicionantes indicados polo Enxeñeiro Técnico Industrial no informe emitido con data do 3 de febreiro de 2022, e polo Arqueólogo Municipal no informe emitido con data do 21 de febreiro de 2022, así como as

previstas na normativa sectorial de aplicación, na lexislación urbanística e nas demais disposicións en vigor aplicables.

As rúas **para as que se solicita o plan de despliegue que se aproba** son: Anton Fraguas Fraguas, Anxel Fole, Anxo Fernandez Gomez, Armanya, Augas Ferreas, Basulto(Bispo), Bispo Aguirre, Bo Xesus, Bolaño Rivadeneira, Campo, Campo Castelo, Cantiño, O Carboeiro, Catedral, Clerigos, Colexio, Conde Pallares, Cruz, Da Universidade, Deputacion, Desvio Distante, Doutor Castro, Estantigas, Falcon, Fernando de Casas Novoa (Arquitecto), Ferrol, Flores, Fornos, Gustavo Freire (Musico), Hospital, Lois Peña Novo, Luis Pimentel(Poeta), Maior, Manuel Amor Meilan, Mercado, Miño, Montevideo, Moucho, Muralla, Norias, Nova, Pio XII, Progreso, Quiroga Ballesteros, Rafael Dieste, Raiña, Ramon y Cajal, Recanto do Miño, Regas, RioNeira, San Fernando, San Froilan, San Marcos, San Pedro, Santa Maria, Santiago (Nova), Santo Domingo , Soidade, Son, Teatro, Tineria, Tuñas Bouzon, Via Romana, Vila de Foz, e Xoan Montes.

SEGUNDO.- A instalación de cada un dos tramos da rede previstos en dito plan de despliegue que supoñan unha ocupación de dominio público (aérea ou terrestre), requirirán a previa autorización municipal mediante **licenza de obra menor**. O resto das instalacións estan suxeitas ó réxime de **declaración responsable**, coas que deberan presentar a documentación sinalada polo informe do enxeñeiro técnico industrial de data do 3 de febreiro de 2022. Cando unha actuación implique remoción de terras, deberá **presentarse** no Concello, **previamente**, un **proxecto de control arqueolóxico** que recolla todas elas, para a súa tramitación e aprobación polo organismo competente en materia de patrimonio cultural, tal e como pon de manifesto o informe emitido polo Arqueólogo municipal emitido con data do 21 de febreiro de 2022.

TERCEIRO.- Notificar ó interesado a presente resolución e proceder á publicación oficial do Plan de Despliegue FTTH no portal web do Concello de Lugo, www.lugo.gal, na **sede electrónica**, así coma no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**, para o coñecemento xeral do mesmo, con indicación de que contra a presente resolución, que pon fin fin á vía administrativa, pode interponer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se poidera estimar mais convinte o seu dereito.”

Lugo, 26 de abril de 2022.- A Tenente de Alcaldesa, delegada da Area de Gobernanza, Economía e Recurso Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1003

Anuncio

Expediente 2021/U026/000055

Asunto.: Anuncio de Aprobación Plan de Despliegue de fibra óptica presentada por R, CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES SAU, no ámbito territorial urbano que se atopen fora do perímetro da Muralla do Concello de Lugo

Visto que, con data do **24 de setembro de 2021**, ten entrada no Rexistro Xeral deste Concello, solicitude, presentada por Norberto Ojunaga en representación de **R, CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES SAU**, para a tramitación da mesma co fin de dotar ó núcleo urbano do termo municipal de Lugo dunha rede propia de fibra óptica baseado na tecnoloxía FTTH. No citado Plan de despliegue, indicábase que, o ámbito do mesmo será o comprendido por todas as rúas da zona Urbana que se atopan fora do Perímetro da Muralla. Identificándose as mesmas en documentación presentada con data do 23 de febreiro de 2022.

Visto que, a **documentación presentada é suficiente para a aprobación do plan de despliegue presentado**, dacordo co disposto no artigo 34 da Lei 9/2014 Xeral de Telecomunicacións, tal e como poñen de manifesto os **informes favorables emitidos** polo Servizo de Arqueoloxía de data do 21 de febreiro de 2021 e polo Servizo de Enxeñería con data do 3 de febreiro de 2022, e de conformidade coas atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e a normativa específica de aplicación, e segundo atribucións delegadas pola Alcaldía no Decreto número 2973/21, do 16 de abril de 2021, por Decreto número **2506/22, do 7 de marzo de 2022**, dispuxose a Aprobación Plan de Despliegue de fibra óptica presentada por **R, CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES SAU**, no ámbito territorial urbano que se atopen fora do perímetro da Muralla do Concello de Lugo, sendo a parte resolutiva do seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- **Aprobar o Plan de despliegue** dunha rede de acceso de nova xeración baseada na arquitectura de fibra ata o fogar (FTTH-Fibert to the home), que se pretende levar a cabo nunha serie de rúas, que se relacionan a continuación, sitas no solo urbano fora do perímetro da muralla, e dentro do termo municipal de Lugo, presentado por **R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES SAU**, cos condicionantes indicados polo

Enxeñeiro Técnico Industrial no informe emitido con data do 3 de febreiro de 2022, así como as previstas na normativa sectorial de aplicación, na lexislación urbanística e nas demais disposicións en vigor aplicables.

As rúas **para as que se solicita o plan de despliegue que se aproba** son: “Ronda da Muralla, Manuel María (Poeta), Praza Viana do Castelo, Avenida da Coruña, Curros Enríquez (Poeta), Camiño de Pipín, Otero Besteiro (Escultor), Avenida dos Deportes, Mar Cantábrico, Praza da Milagrosa, Milagrosa (rúa), das Fontes, Reverendo Xosé Fernández Nuñez, Acacia, Camiño Real, Divina Pastora, Tavesía Mar Cantábrico, Menorca, Xulia Minguillón (Pintora), Mallorca, Prieto Nespereira (Gravador), Río Ladra, Tunel de Oural, San Isidro Labrador, Alondra, Amendoeira, Santo Graal, Angelo Colocci, Lavandeira, Buxo, Luis Ameixide (Alcalde), Flor de Malva, Madresilva, Tino Grandio (Pintor), Becerreá, Luis Seoane (pintor), García Abad, Yañez Rebolo (Doutor), Villamil (Pintor), Río Navia, da Unidade, Praza de Alicante, Río Ser, Castro Gil (Gravador), do Olvido, Pontevedra, Concepción Arenal, Tui, Mondoñedo, Ourense, Gasalla (Doutor), do Freixo, Ramón Cabanillas (Poeta), da Baixa, da Xesta, Anduriñas, Río Sil, Río Eo, Monforte, do Conde, Narciso Peinado, Paradai de Arriba, Avenida Infanta Elena (Duquesa de Lugo), Serra de Ancares, da Fraga, Carro (Irmans), Manuel Becerra, Castela, Ruíz de Alda, Miguel de Cervantes, Praza Conde Fontao, Alta, Salmón, Otero Pedraio (Profesor), Río Támoga, Río Avia, Ramiro Rueda Fernández (Alcalde), San Lourenzo, Río Cabe, Río Oribio, Perpetuo Socorro, Manuel Murguía, Xardín, Camiño da Roca, Calzada das Gándaras, da Ferradura, Casas Vellas, Tres Marias, Mazaira, Vázquez Queipo (Matemático), Flor de Lirio, Atalaia, Rei Chiquito, Alba, Aceroleiro, Hortensia, Eloi Maquieira (Arquitecto), Serra Gañidoira, Portugal, Río Lor, Evaristo Correa Calderón, Amizade, Poeta López Guntín, Dona Urraca, Camiño Verde, dos Gardas, Valle Inclán, Ramón Piñeiro, Alvaro Gil, Juana la Loca, Lorenzo Varela, Ramón Berberide, Praza do Castiñeiro, do Concello, Serra de Outes, Nazario Abel, Avenida de Garabolos, Reiseñor, Margarida, Magnolia, Manuel Portela (Alcalde), Alvedro, Gallego Tato (Xornalista), Avutarda, Quiroga, Eduardo Pondal (Poeta), do Prado, Santiago, Ronda do Carme, Calzada da Ponte, Avenida Marqués de Ombreiro, Florentino López Cuevillas, Pousadela, Xermán Alonso Hortas (Doutor), Centolo, Praza do Exército Español, Río Ulla, Asorei (Escultor), Azalea, Saúde, Sabugo, Ochoa (Doutor), Avenida das Américas, Bidueiro, Trapero Pardo, Orquidea, da Herba, Tino Prados (Artista), Xoan Carballedo (Veterinario), Monte Pena Rubia, Monte Pena Maior, Avenida Breogan, Alcalde Francisco Lamas López, Díaz Castro (Poeta), Aquilino Iglesia Alvariño (Poeta), Alfredo Brañas, Soutullo (Músico Mestre), Falla (Músico), Carlos V, Pimentel (Alcalde), Río Mandeo, Río Lea, Ameneiro, da Pomba, Pomar, Pacios (Pintor), Manuel Leiras Pulpeiro, Esquiú, Cova da Serpe, do Carme, Praza do Carme, Noriega Varela (Poeta), Monte Picato, Deputación, do Vedoiro, Cabo Estaca de Vares, do Valuro, do Troneiro, do Merlo, do Cruce, Ribadeo, Cidade de Viveiro, Cedrón del Valle, Vila de Sarria, Plácido Rei Lemos (Frai), Pascual Veiga, Armando Durán, Xacobe III de Inglaterra, Ronda da República Arxentina, Tella (Xeneral), Corredoira (Pintor), Chantada, Estrada Santiago (Estrada Vella), Camiño Agro da Ponte, da Brêtema, Vella da Ponte, Armórica, da Mariña Española, Avenida Ramón Ferreiro, Xoana de Castro, Praza Angel Johan, Fernando Pessoa (Poeta), Fernando Esquio (Trovador), Escocia, Ines de Castro, Avenida Rodríguez Mourelo, Ronda de Fingoi, Praza Matías García Bernal (Mestre), Illa de Man, Aviación Española, Camelia, Pardo de Cella (Mariscal), Estralote, da Carpaza, Sarmiento (Padre), Santo Domingo da Calzada, Alecrín, Ligustro, Acibro, Figueira, Bataneira, Estrelamar, da Roseira, Torques, Cornubia, Eirín, Praza do Rei, do Trebo, Roi Xordo, Avenida de Madrid, Codesal, Ronda Xosé Castiñeira (Músico), Praza Augas Férreas, Recatelo, Carril dos Loureiros, Vilalba, Avenida Anxel López Pérez (Alcalde), Carril de Recatelo, García Portela (Doutor), Praza de Avilés, Puro Cora (Xornalista), Alfonso X O Sabio, Agro da Torna, Avenida de Magoi, Estrada da Granxa, Fingoi de Abaixo, Círculo das Artes, Cánocas del Castillo, Antonio Rosón, Enriqueta Otero, Vázquez Seijas, Rafael Dieste, Bernardino Pardo Ouro (Médico), María Castaña, Cantigas e Flores, Praza Manso (Comandante), Hermanitas, Ciudad de Vigo, Río Neira, San Roque, Dinán, Praza da Constitución, Praza da Bretaña, Celso Elimio Ferreiro (Poeta), Fleming (Doutor), Galicia, Vilar Ponte (Irmans), Salvador de Madariaga, Parga Cerezo (aviador), Orterga y Gasset, Cambria, Praza da Liberdade, Bouza, do Valiño, da Zarra, Ona de Chave (Bispo), da Millara, Torna, das Campas, Ramos Misioné, Madanela, Consello de Europa, Rof Codina (Veterinario), Rei Don García, Montirón, Ronda das Mercedes, Mapoula, Carrero Blanco (Almirante), Pintor Laxeiro, Rof Carballo (Humanista), San Xillao, Primavera, Ramón Montenegro, Río Chamoso, dos Paxariños, Carril dos Indios, Carril das Flores, San Eufrasio, Carril das Hortas, Lopo Lias, Nicomedes Pastor Díaz, Montero Ríos, Rafael de Vega (Doutor), Río Mosa, Carril de Caiños, Emilia Pardo Bazán, Praza do Catasol, Carril do Catasol, Rúa do Catasol, Balanzá (Bispo Doutor), Carril das Encrucilladas, Rampa de Claudio López, Pena do Rei, peña Anda, Carril do Xuicio, Xosé Ferro (Prov), Paseo dos Estudiantes, Praza de San Xoan, Illa Coelleira, Illas Cies, Río Narla, Alexandre Bóveda, Praza San Lourenzo, Azor, Juana Ibarborou, Río Parga, Santo Antonio, San Vicente, Monte Faro, Illas Canarias, Illa Madeira, do Cruceiro, Garaballa de Arriba, das Lousas, Illa de Ons, Avenida Padre Gómez, Barrio Sagrado Corazón (Polígono), Venancio Senra, Avenida Carlos Azcárraga, Serra de Meira, Piñeiral, Fonmiña, Fontaneira, Carballo, Nogueira, Ferreiriño, Fontenlo, do Franco, Alamo, Sanguinho, Primeiro de Maio, do Dolmén, Caravel, Praza Ramón Falcón, Avenida Paulo Fabio Máximo.

SEGUNDO.- A instalación de cada un dos tramos da rede previstos en dito plan de despliegue que supoñan unha ocupación de dominio público (aérea ou terrestre), requirirán a previa autorización municipal mediante **licenza de obra menor**. O resto das instalacións están suxeitas ó réxime de **declaración responsable**, coas que deberán presentar a documentación sinalada polo informe do enxeñeiro técnico industrial de data do 3 de febreiro de 2022. Cando unha actuación impliquen remoción de terras, deberá **presentarse** no Concello, **previamente a concesión da licenza de obras**, un **proxecto de control arqueolóxico** que recolla todas elas, para a súa tramitación e aprobación polo organismo competente en materia de patrimonio cultural.

TERCEIRO.- Notificar ó interesado a presente resolución e proceder á publicación oficial do Plan de Despliegue FTTH no portal web do Concello de Lugo, www.lugo.gal, na **sede electrónica**, así coma no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**, para o coñecemento xeral do mesmo, con indicación de que contra a presente resolución,

que pon fin fin á vía administrativa, pode interponer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se poidera estimar mais convinte o seu dereito.”

Lugo, 26 de abril de 2022.- A Tenente de Alcaldesa, delegada da Area de Gobernanza, Economía e Recurso Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 1004

Anuncio

Expediente 2021/U026/000036

Asunto.: Anuncio de Aprobación Plan de Despliegue de fibra óptica presentada por Telefónica de España SAR, en diversas entidades singulares de poboación situadas en diferentes núcleos rurais pertencentes ó Concello de Lugo.

Visto que, con data do **21 de maio de 2020**, ten entrada no Rexistro Xeral deste Concello, solicitude, presentada por TELEFONICA DE ESPAÑA SAU, para a tramitación da mesma co fin de levar a cabo a aprobación dun plan de despliegue dunha rede de acceso de nova xeración mediante fibra óptica (rede FTTH), co fin de renovar a rede actual de cables de cobre, en diversas entidades singulares de poboación situadas en diferentes núcleos rurais pertencentes ó Concello de Lugo.

Visto que, a **documentación presentada é suficiente para a aprobación do plan de despliegue presentado**, dacordo co disposto no artigo 34 da Lei 9/2014 Xeral de Telecomunicacións, tal e como poñen de manifesto os informes favorables emitidos polo Servizo de Arquitectura de data do 28 de xaneiro de 2021, polo Arqueólogo Municipal de data do 9 de decembro de 2020 e do Servizo de Enxeñería de data do 3 de febreiro de 2022, e de conformidade coas atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e a normativa específica de aplicación, e segundo atribucións delegadas pola Alcaldía no Decreto número 2973/21, do 16 de abril de 2021, por Decreto número **1940/22 do 21 de febreiro de 2022 dispuxose a Aprobación Plan de Despliegue de fibra óptica presentada por Telefónica de España SAR, en diversas entidades singulares de poboación situadas en diferentes núcleos rurais pertencentes ó Concello de Lugo, sendo a parte resolutiva do seguinte teor literal:**

“PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de despliegue dunha rede de acceso de nova xeración baseada na arquitectura de fibra ata o fogar (FTTH-Fibert to the home), tendo como ámbito unha serie de entidades singulares que se relacionan a continuación, situadas nos diferentes núcleos rurais de poboación pertencentes ó Concello de Lugo, presentado por TELEFONICA DE ESPAÑA, cos condicionantes indicados polo Enxeñeiro Técnico Industrial no informe emitido con data do 3 de febreiro de 2022, polo Servizo de Arquitectura no informe emitido con data do 28 de xaneiro de 2021 e polo Arqueólogo Municipal no informe emitido con data do 9 de decembro de 2020, así como as previstas na normativa sectorial de aplicación, na lexislación urbanística e nas demais disposicións en vigor aplicables.

As **entidades singulares para as que se solicita o plan de despliegue que se aproba** son: Urbanización A Campiña, Nadela, Vilamaior, Alta, Locai, Matelo, Riobó, Vilariño, Seoane, Vilaestevez, San Mamede, Viador, Carricova, A Estrada, Benade, Mouriz, A Puga, Gundín, Bocamaos, O Vilar de Bocamaos, Cabanas, Abeledo, Barbaín, Bóveda, Buratai, O Castro de Bóveda, O Burgo, Carrigueiros, Garaloces, Poutomillos, O Corral de Abaixo, Papoi, Penelas, Santa Eufemia, A Pena, Currelos, Aez, Camoira, Abol, Argonde, Belesar, Lamaboa, Seoane, Fazai, Manzoi, Santa Locaia, Camiño do Santo, Castro, Conturiz, O Cuco, San Amaro, Camiño do Vilar, Coeo, Corvelle, Marce, Quintela, Ceza, Fontemaior, Portanova, Vilalvite, Cabo de Vila, Cuiña, Cumbraos, Ribeira, Santalla, Vilamiñao, A Airexe, Esperante, A Travesa, Fixós, Portoganoi, Gondar, Amedín, Bandelo. Cristimil, A Ponte, Riazón, As Lagoas, Prateiro, Vilachá, Teicelle, O Xestal, Barcia, Cerracín, Mazoi, Castro, Monte de Meda, Muxa de Abaixo, A Campiña, Muxa de Arriba, A Palloza, Piñeiro, Quintian, Monte Sartego, Cal de Peón, A Mera, Orbazai, Taboelle, Ceide, O Outeiro, Vilaverde, Abuín, Albarello, Astrar, Chavián, A Laxe, Outeiro, Pedreda, A Torre, Albares, Seoane, A Pena, O Corral de Arriba, Fafián, O Porto de Lugo, Piñeiro, Cima de Vila, Os Congos, Santoiño, Toiriz, Airexe, A Vila, Tras do Castro, Recimil, Vilar de Cucos, San Mamede, Vilachá, Outeiro, Saboleiro, A Aldea de Abaixo, Vilardónega, Castro Alfonsín, Cuiña, Faxilde, Outeiro, A Raña, Saa, Burneiros, Carrás, A Estrada, Pacios, Santa Comba, Santa Engracia, Teigueselle, Vilamarce, A Campa da Barra, As Campiñas, O Carballal, A Fonte do Mouro, Peiteiros, Reboredo, Soñar, Soñariño, O Cotillón, Arxemil, Rozáz, Teixeira, As Dornas, Bagueixos, Ramil, Astariz, Rebordaos, O Veral, A Pena.

SEGUNDO.- A instalación de cada un dos tramos da rede previstos en dito plan de despliegue que supoñan unha ocupación de dominio público (aérea ou terrestre), requirirán a previa autorización municipal mediante **licenza de obra menor**. O resto das instalacións están suxeitas ó réxime de **declaración responsable** coas que deberán presentar como mínimo a documentación sinalada polo informe do enxeñeiro técnico industrial de data do 3 de febreiro de 2022, así como calquera que sexa necesaria conforme o disposto na normativa sectorial de aplicación, na lexislación urbanística e nas demais disposicións en vigor aplicables.

TERCEIRO.- Notificar ó interesado a presente resolución e proceder á publicación oficial do Plan de Despliegue FTTH no portal web do Concello de Lugo, www.lugo.gal, na **sede electrónica**, así coma no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**, para o coñecemento xeral do mesmo, con indicación de que contra a presente resolución, que pon fin fin á vía administrativa, pode interponer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se poidera estimar mais convinte o seu dereito.”

Lugo, 26 de abril de 2022.- A Tenente de Alcaldesa, delegada da Área de Gobernanza, Economía e Recurso Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1005

Anuncio

A Ilma. Sra. dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, en virtude de delegación da Xunta de Goberno Local segundo o seu Acordo número 28/452, do 17 de xullo de 2019, ditou o Decreto núm. 4229/2022, polo que se aproban os padróns de contribuíntes obrigados ó pagamento do Imposto Sobre Bens Inmóbiles de Natureza Urbana, Rústica e de Características Especiais para o ano 2022.

Conforme ó disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, os padróns aprobados quedan expostos ó público (no Servizo de Facenda Local, sito no Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, 197, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalos e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

No caso da non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados nas oficinas de Facenda Local do Centro de Servizos Municipais, sito na Ronda da Muralla, 197, 2º andar, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar tal condición, para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Ilma. Tenente de Alcalde-Delegada da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ó da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, 26 de abril de 2022.- A Tenente de Alcaldesa, delegada da Área de Gobernanza, Economía e Recurso Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1006

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA MARZO 2022

Por Xunta de Goberno Local do día 11.04.2022 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de marzo de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 22.04.2022 ata o 22.06.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 25 de abril de 2022.- A 1ª Tenende de Alcalde P.D. Decreto de 24.01.2022, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1007

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA marzo 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 20.04.2022 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de marzo de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 27.04.2022 ata o 27.06.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 25 de abril de 2022.- A 1ª Tenende de Alcalde P.D. Decreto de 24.01.2022, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1008

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 2ªFRACCION COTA TRIMESTRAL CURSO 2021-2022

Por Xunta de Goberno Local do día 20.04.2022 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Segunda Fracción Cota Trimestral curso 2021 -2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario dende 27.04.2022 ata o 27.06.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 25 de abril de 2022.- A 1ªTenende de Alcalde P.D. Decreto de 24.01.2022, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1009

O PÁRAMO

Anuncio

O Pleno desta Entidade, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2022, acordou a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, convócase, por prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

O Páramo, 20 de abril de 2022.- O alcalde, José Luis López López.

R. 1010

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2022, acordou a aprobación provisional de a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. .

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

O Páramo, 20 de abril de 2022.- O alcalde, José Luis López López.

R. 1011

O SAVIÑO

Anuncio

Expediente 166/2022

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 LIMPADOR/A) NO CONCELLO DE O SAVIÑO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022. “ PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO”

PRIMEIRA. Normas Xerais

Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases a convocatoria e a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de 1 LIMPADOR/A, para a contratación de persoal laboral temporal ao abeiro do Programa Fomento do Emprego de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 (Programa B.3 de Fomento de emprego), ao 75% da xornada, e cunha duración de 12 meses.

Esta colaboración materialízase a través da achega económica por parte da Deputación Provincial de Lugo dos custes salariais e de Seguridade Social do/a traballador/a contratado/a.

Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 -Programa Fomento do Emprego-, e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado; Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Disposición Adicional novena do Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Emprego: “Contratos vinculados a programas de activación para o emprego”, e demais normativa concordante.

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición.

A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de O Saviño e na sede electrónica enlace: concellososavinao.sedelectronica.gal, así como na páxina web da Deputación Provincial de Lugo e no Boletín oficial da provincia de Lugo; o resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello de O Saviño e na electrónica: (concellososavinao.sedelectronica.gal)

SEGUNDA. Modalidade do Contrato

O contrato de traballo temporal que se formalizará coa persoa seleccionada será coas cláusulas específicas de contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 (Programa B.3 de Fomento de emprego), ao 75% da xornada, previsto na Disposición adicional novena do Real Decreto lexislativo 3/2015, de 23 outubro, Texto Refundido da Lei de Emprego: Contratos vinculados a programas de activación para o emprego, que sinala:

“1. Las administraciones públicas y, en su caso, las entidades sin ánimo de lucro podrán realizar contratos para la mejora de la ocupabilidad y la inserción laboral en el marco de los programas de activación para el empleo previstos en este texto refundido de la Ley de Empleo, cuya duración no podrá exceder de doce meses.”

As retribucións brutas mensuais do/a traballador/a es serán de 875,00 €/mes, incluída a prorrata da paga extra.

TERCEIRA. Funcións

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultas do proceso de selección de 1 posto de limpador/a, será a realización de traballos consistentes na limpeza de edificios e instalacións municipais.

CUARTA. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitude, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da formalización do contrato:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo ao que se opta.
- e) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.
- f) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou titulación equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.
- g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de CELGA 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Se non se pode acreditar este requisito poderase acceder igualmente ao proceso selectivo pero será necesario superar unha proba de lingua galega nos termos establecidos na cláusula oitava.
- h) A procedencia de todos os candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.
- i) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

QUINTA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Saviñao, presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello (físico ou por sede) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **SETE DÍAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. A/os aspirantes que non presenten as solicitudes no Rexistro do Concello de O Saviñao ou por sede electrónica, e co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación ao correo electrónico do concello de O Saviñao: savinao@telefonica.net, coa copia da presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

As bases das probas selectivas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de O Saviñao e na súa páxina web <https://www.concellodosaviñao.com>.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- Solicitude de participación do Anexo II das bases.
- Fotocopia do NIF ou, no seu caso, pasaporte.
- Fotocopia compulsada do certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso.
- Xustificante de estar anotado/a como demandante na Oficina de Emprego como demandante de emprego ou en mellora de emprego.
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso, incluíndo a VIDA LABORAL actualizada e COPIA DE CONTRATOS. **É requisito indispensable presentar a vida laboral para acreditar a situación de desemprego e para acreditar os méritos. A situación de mellora de Emprego acreditarase co xustificante de estar inscrito como demandante de Emprego nos servizos públicos de Emprego.**

SEXTA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de tres días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, sinalarase un prazo de **dous días hábiles** para emenda. De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao remate do prazo de presentación de instancias, terá

carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición e a composición do tribunal cualificador.

Os datos persoais (nome, apelidos, enderezo aos efectos de notificacións) dos candidata/os que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

SÉTIMA. Tribunal Cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Os Tribunais Cualificadores estará constituído por un número impar de membros:

- Presidente.
- Secretario *[o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue]*.
- Vogais que determine a convocatoria (3)

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidenta/o e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

OITAVA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso- oposición.

• FASE DE CONCURSO:

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. A puntuación máxima total do concurso será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles, e que serán:

Méritos computables:

- Experiencia profesional:

1.- Experiencia profesional en postos de traballo de limpador/a. Ata un máximo de 2 puntos

— Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de limpador/a mediante relación laboral ou funcional: 0,20 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de limpador mediante relación laboral: 0,10 puntos .

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria .

b) Formación:

1- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. **Ata un máximo de 1 punto**, de acordo coa seguinte escala :

- a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos .
- b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos .
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos .
- d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos .

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas .

c) Entrevista curricular: 2 puntos.

● **FASE DE OPOSICIÓN**

Ata un máximo de **10 puntos**.

a) Exercicio escrito: A proba é de carácter obrigatorio e eliminatorio, consta de 10 preguntas tipo test e 2 preguntas de reserva (para o suposto de nulidade dalgunha das 10 preguntas do cuestionario), con catro posibles respostas cada pregunta, das que soamente unha é correcta. As respostas incorrectas non penalizan. Cada resposta correcta puntúa 1 punto, a realizar nun tempo máximo de 30 minutos proposto polo tribunal sobre cuestións relacionadas co obxecto do posto e co programa recollido no *anexo I*.

Para superar a proba será necesario obter como mínimo cinco (5,00) puntos.

O aspirante que non supere esta proba teórica non pasará á proba práctica.

b) PROBA DE GALEGO: para aqueles candidatos que non teñan acreditado, xunto coa instancia de solicitude, estar en posesión do Celga 2. A dita proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto, realizándose a continuación do exercicio tipo test.

NOVENA. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura dos postos cando se produzan renuncias dos aspirantes primeiramente seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato. A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración do "Programa Fomento do Emprego 2022".

Os aspirantes propostos achegarán no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados, dos documentos seguintes :

- DNI
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial.
- Certificado de titularidade da conta bancaria
- Fotocopia da tarxeta da seguridade social .

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma se deduza que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderá ser contratado/a sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederase a notificar á/ao candidata/o que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

DÉCIMA. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesado/a, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Alcalde que as aprobou, no prazo dun mes, ou ben interpoñer, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, en ambos casos contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo. (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

DÉCIMO PRIMEIRA. Base Xurídica do tratamento.

Conforme o disposto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento Europeo de Protección de Datos os seus datos persoais serán tratados polo Concello de O Saviñao coa finalidade de xestionar as súas solicitudes á efectos de poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan polo Concello de O Saviñao.

Igualmente se lle informa de que poderá exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión e demais dereitos recollidos na normativa de protección de datos vixente.

DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE.**ANEXO I**

Tema 1. Constitución española 1978. Estrutura. Título preliminar e Título I.

Tema 2. Conceptos básicos de réxime local: O municipio, o termo municipal, a poboación municipal, a organización municipal (o alcalde, tenentes de alcalde, o pleno e a xunta de goberno local), as competencias municipais.

Tema 3. Concello de O Saviñao. Termo municipal. Poboación. A organización municipal. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 4. Sistemas de limpeza.

Tema 5. Produtos, ferramentas e útiles de limpeza.

Tema 6.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde no traballo. Normativa básica de sinalización e de equipos de protección individual.

Tema 7.- Políticas de igualdade de xénero. Disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Medidas de conciliación e corresponsabilidade no emprego público. Políticas contra a violencia de xénero.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN/UNHA (1) POSTO DE TRABALLO DE LIMPADOR/A DO CONCELLO DE O SAVIÑO, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN: **LIMPADOR/A**
- RÉXIME XURÍDICO: **PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

II.- DATOS PERSOAIS.

NOME	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:
DNI:	TELÉFONO MÓBIL: Correo electrónico:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:

III.- MANIFESTO que coñezo na súa integridade as Bases da convocatoria para cubrir de forma temporal a praza de limpador/a.

IV.- DECLARO que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- AUTORIZO ao Concello do O Saviño para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello ou en calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

VI.- SOLICITO ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo de concurso-oposición para a provisión de dito posto, para o que presento e asino a presente solicitude.

O Saviño,.... de..... de 2022.

(Sinatura do interesado/a)

Xúntanse os seguintes documentos:

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....

O Saviñao, 2 de marzo de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1012

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 22 de abril de 2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo de 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 22 de abril do 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1013

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 22 DE ABRIL DE 2022 POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA ZONA ESPECIAL DE CONSERVACIÓN (ZEC) DA SERRA DO XISTRAL (LIFE IN COMMON LAND) QUE APLIQUEN MODELOS DE XESTIÓN BASEADOS EN RESULTADOS DE CONSERVACIÓN

BDNS (Identif.): 623457

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/623457>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>).

Primeiro.- Beneficiarios

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común que pertencen á Zona Especial de Conservación ZEC- da Serra do Xistral (LIFE in Common Land) dende o 1 de xaneiro de 2019, que apliquen o Modelo de Xestión Baseado en Resultados De conservación nos hábitats das áreas comunais (concretamente o mosaico dos hábitats 7110*, 7130* e 4020*) para manter ou acadar o bo estado de conservación destes hábitats no trienio 2019, 2020 e 2021 (dende o 1 de xaneiro de 2019) e que teñan incluído o referido Modelo de Xestión nos seus Proxectos de Ordenación Forestal aprobados ou en proceso de aprobación.

Segundo.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do proxecto “LIFE 16/NAT/ES/000707 - LIFE in Common Land -Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación” para realizar os Pagos por Resultado de Conservación as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) da Serra do Xistral (LIFE in Common Land) que desenvolven a súa actividade de acordo ao Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación.

Esta tipoloxía de pagos responden á iniciativa pioneira do proxecto LIFE in Common Land de implantar un Esquema de pagos por resultados de Conservación para a conservación de hábitats prioritarios de turbeira e queirogal húmido na ZEC Serra do Xistral a través dun manexo do pastoreo extensivo de gando vacún e cabalar realizado por parte das comunidades dos Montes Veciñais en Man Común implicados.

Terceiro.- Bases reguladoras

As bases da convocatoria pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo: <http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/LICL>

Cuarto.- Contía

O importe máximo destinado á concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións no marco desta convocatoria ascende a trescentos mil euros (300.000,0€).

O importe da subvención a conceder, por entidade solicitante, terá un importe mínimo de 300,00 €.

O importe da subvención a conceder, por entidade solicitante, estará determinada pola superficie de presenza dos Hábitats de Interese Comunitario (4020*, 7110* e 7130*) no monte, incluída na ZEC Serra do Xistral (ES1120015), e o seu estado de conservación (Bo (FV), Medio (U1) e Suficiente (U2)), determinado a partir do Conxunto de Indicadores deseñados no proxecto LIFE in Common Land (consultar a descrición das categorías do estado de conservación no Anexo III), de acordo ás tarifas máximas establecidas no Esquema de Pagos, recollido na convocatoria.

No caso de que estas tarifas máximas superen o crédito total da convocatoria que ascende a 300.000 €, minorarase cada subvención proporcionalmente ao estado de conservación acadado por cada solicitante.

Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto.- Outros datos

A concesión destas subvencións responde aos efectos positivos sobre os hábitats prioritarios que se realiza deste manexo sostible do gando e do territorio, sustentando no Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación desenvolvido pola Universidade de Santiago de Compostela (Campus Terra de Lugo) e a Universidade da Coruña dentro do proxecto LIFE in Common Land. Estas subvencións están vinculadas a uns resultados e conlevan unha carga modal no senso de que os beneficiarios das mesmas deberán manter o Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación segundo o establecido no proxecto LIFE in Common Land.

O proxecto LIFE in Common Land conta coa contribución do Instrumento Financeiro LIFE da Unión Europea.

Lugo, 28 de abril de 2022.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07- 2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/30501

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A.

Nombre del río o corriente: Río Santa Marta y tres pozos

Caudal solicitado: 34,25 l/s

Punto de emplazamiento: Outeiro de Rei (Lugo)

Término Municipal y Provincia: Outeiro de Rei (Lugo)

Destino: Usos industriales

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en el río Santa Marta y de tres pozos de barrena. Las aguas del río Santa Marta se extraen a través de tres equipos de bombeo situados en una caseta. Desde donde se conducen para ser usadas en el proceso de limpieza y refrigeración. Las aguas de los pozos son bombeadas y son utilizadas para producir vapor.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Outeiro de Rei, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 19 de abril de 2022.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1014